



COMPARACIÓN CO ORZAMENTO DO ANO ANTERIOR


XI. COMPARACIÓN CO ORZAMENTO DO ANO ANTERIOR

Neste apartado ofrécese unha comparativa entre o orzamento do ano 2023 e 2022 segundo as principais variables utilizadas nos apartados anteriores. A continuación expóñense os principais resultados no que se refire á dereitos da infancia e adolescencia, por categorías de gasto e por tipoloxía de proxectos.

O orzamento de ano 2023 no que se refire ao gasto en infancia e adolescencia aumentou un 11,2% con respecto a 2022, mentres que o incremento do orzamento total foi do 7%. En termos absolutos o aumento do gasto en infancia e adolescencia é de aproximadamente de 372,5 millóns de euros.

Atendendo á clasificación do gasto segundo os dereitos da infancia (desenvolvemento pleno, supervivencia, protección, información e outros bens públicos), as porcentaxes destinadas a cada dereito rexistran uns valores similares no caso da protección e a información, pero rexistran lixeiras diferencias no resto dos casos, cun aumento derivado do incremento do gasto total en infancia.


Gráfico 21. Porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia e adolescencia. Orzamentos 2022 e 2023



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Unha maior desagregación dos dereitos mostra porcentaxe similares nos dous anos, o gasto en educación o máis elevado roldando o 66%, seguido do gasto en saúde cun 21-24% aproximadamente. O Gráfico 22 resume estes resultados.


Gráfico 22. Porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia e adolescencia. Orzamentos 2022 e 2023



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Utilizando como variable de clasificación as categorías de gasto: presenza de nenos, presenza de adultos, presenza de adultos e nenos, bens públicos e colectivos particulares (Gráfico 23), as diferenzas entre 2022 e 2023 son reducidas, a maior parte do gasto corresponde a proxectos onde se require a presenza legal ou natural de nenos e nenas.


Gráfico 23. Porcentaxe de gasto segundo as categorías de gasto. Orzamentos 2020 e 2022



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Por último, clasificando os proxectos segundo a porcentaxe do gasto que se destina a infancia tamén se observa unhas porcentaxes de gasto en infancia e adolescencia similares nos orzamentos de 2022 e 2023. Preto do 43% do gasto estáselle a imputar un gasto en infancia e adolescencia está destinado exclusivamente a este colectivo (porcentaxe do 100%), o 29% corresponde a proxectos no que a porcentaxe é do 14,1% (porcentaxe que esta poboación supón sobre o total), o 27,5% do gasto procede de proxectos onde se imputa unha porcentaxe de entre o 14,1% e o 100%.

Gráfico 24. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia segundo categorías dos proxectos. Orzamentos 2021 e 2022



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

